

A HISTORIA "OFICIAL" DO CONCELLO DE ZAS, SEGUNDO AS ACTAS MUNICIPAIS

Por Evaristo Domínguez e X. M^a Lema

Coma a inmensa maior parte dos demais concellos españois, o de Zas conformouse en 1836, pero pouco podemos saber dos 16 seus primeiros anos de existencia, de 1836 a 1852, debido a que ou non se fixeron ou non se conservaron as actas municipais destes anos. Tampouco sabemos o nome dos alcaldes que seguiron ó primeiro, **Antonio Fernández**, nome que coñecemos por un documento do *Libro 2º de Fábrica de Zas-Vilar 1798-1868* (Lema Suárez 1993-III: 540).

A partir de 1852 xa temos actas municipais. Deste xeito, trataremos deste ano de dar unha visión histórica do que aconteceu na vida oficial do concello ata os nosos días. Non vai ser unha historia completa, por causas que iremos apuntando e tamén porque, ademais dos 16 primeiros anos, tamén faltan as actas dos períodos seguintes: dos anos 1853 e 1854, do 18.12.1856 ó 21.9.1877, do 30.12.1883 ó 1.7.1885, de 1896, do 27.12.1898 ó 30.7.1901, e do 21.3.1931 ó 4.2.1933. En parte son explicables estas "ausencias" se temos en conta que a Casa do Concello non vai ser fixa ata 1951, e as oficinas municipais "viaxaban" temporalmente para a casa ou cara á parroquia que lle conviñese ó alcalde ou, ó que aínda podería ser máis importante, á casa do secretario municipal.

Procuraremos facer amena esta nosa *historia oficial* botando man de curiosas anécdotas -copiadas ó pé da letra en moitos casos, e respectando a particular ortografía do castelán de cada época que, dalgún xeito, nos deben ilustrar sobre as preocupacións domésticas e as disputas políticas dos tempos xa idos ou dos aínda recentes.

Para facilitarmos a lectura, repartimos a información facilitada polas actas municipais en tres apartados:

- 1) Asuntos de interese político e anécdotas curiosas.
- 2) Evolución dos presupostos e dos soldos.
- 3) A historia interminable da construción da Casa do Concello.

Convén advertir que as informacións referidas ás comunicacións, sanidade, educación e cultura xa os incluimos nos seus apartados correspondentes.

1) Asuntos de interese político e anécdotas curiosas

Neste apartado pretendemos dar unha información todo o obxectivo posible, xa que as Actas do Concello proporcionan unha información parcial e moi nesgada: o papel terma do que lle escriben, e cómpre ter en conta que esa información estaba case sempre mediatizada polo grupo político gobernante en cada momento. De entre os milleiros de páxinas consultadas -labor no que consumimos moitos días e incontables horas-, seleccionamos estes asuntos de interese político, que en moitos casos non son máis ca un reflexo parcial do momento político que no seu momento se está a vivir en Galicia e en España (procuraremos facer algunhas anotacións históricas aclaratorias). Intercalamos os asuntos políticos con anécdotas curiosas ou de certo interese, que tamén nos van servir para darnos unha idea da forma de vida que tiñan os nosos antepasados de non hai tantos anos. En suma, esperamos que estes datos contribúan á reconstrución da nosa historia local, xunto con outros que sinalamos noutros apartados.

Seguiremos no posible unha ordenación cronolóxica. Tendo como referencia as datas que se citan, o lector pode ir vendo quen era o alcalde en cada momento concreto:

1ª parte. - SÉCULO XIX: DE 1836 A 1900

1836-1868

Rexencia de María Cristina de Borbón (1833-1839)

Rexencia de Espartero (1840-1843)

Reinado de Isabel II (1843-1868)

- 1833-1836 Morto o rei absolutista Fernando VII os liberais apoian á súa filla Isabel, acabada de nacer, fronte ás pretensións sucesorias do seu irmán Carlos María Isidro. Este enfrontamento provocará a 1ª Guerra carlista (1833-1839). Durante a infancia de Isabel exerce a rexencia a súa nai María Cristina de Borbón, apoiada polos gobernos liberais, xa divididos entre conservadores e progresistas, pero uns e outros coa pretensión de modernizaren o país acabando coas estruturas do Antigo Réxime, o absolutista, en mans da nobreza de título (condes, duques, fidalgos...). Galicia estaba dividida en **xurisdicións señoriais**, institucións de carácter feudal pertencentes a señores laicos e, sobre todo, eclesiásticos. As parroquias do actual concello de Zas pertencían á **xurisdición de Vimianzo** -propiedade dos condos de Altamira- e **a de Soneira** -que dependía directamente do rei-
- 1833 **A nova división provincial:** co Real Decreto do 30.11.1833 o Goberno decreta a creación das actuais provincias, á cargo dun Gobernador civil nomeado polo Ministerio de Gobernación, e polas Deputacións provinciais, que administra e recada os impostos dos seus territorios. Deste xeito, o antigo Reino de Galicia quedaba dividido en catro provincias, e estas dependían directamente de Madrid, porque o Estado liberal, copiando o Estado francés, era moi centralista. Contra esta división de Galicia en catro provincias reaccionarán anos máis tarde os provincialistas galegos -os primeiros galeguistas-, que querían que Galicia fose unha única provincia para preservar a súa unidade. Estes provincialistas galegos eran de ideoloxía liberal progresista.
- 1834 **Creación dos Partidos Xudiciais** (R.D. do 21.4.1834). Para o que atinxe ás comarcas da Costa da Morte seguimos a investigación do historiador mazariacán **Xesús Jurjo Lado** (“O proceso de creación dos concellos actuais. Algúns exemplos da Costa da Morte”, en <https://quepasanacosta.gal/o-proceso-de-creacion-dos-concellos-actuais-alguns-exemplos-da-costa-da-morte/>, 5.5.2018 [última consulta 27.11.2018]):
- «A división xudicial propuña na zona obxecto da nosa investigación, a creación dos partidos de Muros, Corcubión e Carballo. Neste sentido, as antigas xurisdicións de Soneira e Vimianzo protestaron considerando que calquera delas podería gozar da mesma consideración, ou polo menos Vimianzo, cabeza dunha extensísima xurisdición. Nada lograron».
- 1836 **A creación dos concellos** (R.D. do 23.7.1836)

«Este Real Decreto do 23 de xullo -continúa **X. Jurjo** co seu excelente estudo (nin na Wikipedia nin na Galipedia puidemos atopar algo que se lle poida comparar en claridade expositiva)- determinaba que cada municipio debía ter **un alcalde**, un ou máis **tenentes de alcalde**, segundo a poboación (...), un número axeitado de **rexedores** (concelleiros). Tamén contemplaba o cargo de **Procurador do Común** (especie de valedor do pobo). (...) E tamén un **secretario** municipal».

Para participar nas eleccións tiñas que ser español, varón maior de 25 anos (...) e o que é máis importante:

«pagar unha **contribución** de cota fixa derivada de calquera actividade honrada que puidera vivir dignamente (...). Os máis desfavorecidos non tiñan dereito a voto. Estas condicións supuñan que en cada casa só puidera votar, se chegaba á cota esixida, o que figuraba nos recibos da contribución, é dicir, o cabeza de familia».

»Máis restrinxido era aínda o número dos que podían **ser elixidos** para os citados cargos municipais (...), debían saber ler e escribir e estar incluídos entre os 10% dos maiores contribuíntes de cada parroquia. Se consideramos que a maioría das parroquias do rural andaban arredor de cen casas, e se a estas lles restamos os casateiros, os xornaleiros e os que vivían da caridade pública, seguramente en cada freguesía non había máis de **seis, sete ou como moito oito persoas** que reuniran as condicións necesarias para ser elixibles para as funcións municipais».

Desde os despachos da Coruña, a nova capital da provincia á que pasaron a pertencer as parroquias do concello de Zas, da Terra de Soneira e do partido de Corcubión (antes, no Antigo Réxime, pertencérase á extensa provincia de Santiago, agora suprimida por estar dominada polo arcebispo e o clero carlista), o Gobernador civil e a Deputación empezaron a pensar en como **facer a división municipal**. Primeiro solicitaron dos alcaldes pedáneos de cada parroquia o número de veciños (casas) e habitantes para teren unha idea máis ou menos exacta do territorio. Despois, escolleron como **cabeceras de concello as vilas** ou entidades de poboación máis importantes, moitas delas que xa tiveran concello no Antigo Réxime, e foron engadindo parroquias ó seu redor. Polo tanto, da nosa zona, **os primeiros concellos** foron os de Muros, Outes, Corcubión, Fisterra, Muxía, Camariñas, Vimianzo, Laxe e Malpica. Nunha segunda fase, quedaban por agrupar moitas parroquias rurais que **non contaban con ningún núcleo de poboación** de referencia, pois nelas non había ningunha vila, nin grande nin pequena. Baixo estes parámetros naceron os concellos de Mazaricos, Dumbría, Cabana, Coristanco ou **Zas**. Nestes casos escolleron a parroquia **máis céntrica** ou a que contaba con mellores vías de comunicación coa capital do partido ou coa capital provincial.

En moitos casos as parroquias non sabían a que concello pertencían. Isto foise aclarando no Boletín do 23.4.1836 no que se publicou a relación de municipios da provincia da Coruña coas parroquias asignadas a cada un. Tamén se abriu un período de alegacións, que deron lugar ó nacemento dos concellos de Cee e Carnota, inicialmente esquecidos. Noutros boletíns de 1836 foise publicando a relación definitiva. Tamén se daban **normas para a elección de alcalde e rexedores** (entre os veciños con dereito a voto, moi poucos, como xa se dixo). Tamén había que buscar **unha casa** axeitada para instalar as oficinas municipais (como veremos, isto en Zas non se logrará ata 1951). Logo, por votación, nomearase un secretario e un depositario dos fondos públicos.

«O secretario tomará posesión de todos os papeis que puidera haber nas parroquias para iniciar a formación do arquivo municipal -en Zas non aparece este arquivo ata 1852-, e o depositario fará o mesmo cos fondos públicos existentes depositándoos nunha arca con tres chaves: unha para el, outra para o alcalde e a terceira para o Procurador do Común» (Jurjo Lado 5.5-2018).

No R.D. do 23.7.1835 facíase constar que os Concellos **tiñan que coidar**

«da conservación dos pósitos e das leiras e fondos dos propios; do bo emprego dos produtos e da acertada distribución dos aproveitamentos comúns; da salubridade, limpeza e ornato das vilas e os seus paseos públicos; do bo estado dos camiños veciñais, ponte e comunicacións con outras vilas; promover e vixiar o plantío de árbores nos montes e terras do común; procurar o abastecemento de augas potables para o servizo da vila».

Tales recomendacións estaban **pensadas para os concellos de España central**, conformados por unha única vila e con montes de propiedade estatal.

«Desta forma tan pouco heroica se deseñaron os municipios, nun despacho da Coruña, sen a participación activa dos veciños. Veciños que unicamente sancionaron co seu voto o traballo chegado desde a capital provincial» (Jurjo Lado 5.5.2018).

O galeguismo histórico sempre atacou a división municipal efectuada desde despachos capitalinos con moi escasa información. Os galeguistas sempre criticaron que se prescindise da parroquia, institución milenaria en Galicia, e que non se lle dese protagonismo político.

O propio concello de Zas, excesivamente longo de norte a sur, con parroquias do val do río do Porto e do val do Xallas que durante moitos anos apenas tiñan relación entre si, é un bo exemplo desta artificiosa división municipal.

- 1836** Nunha segunda fase **créase o concello de Zas**, ó mesmo tempo que os de Mazaricos, Dumbria, Cabana e Coristanco. No territorio elixido non había ningunha vila nin ningún núcleo de poboación que sobresaíse en ningunha parroquia, de Baio a Brandomil; polo tanto, a elección de Zas foi debida a estar situada a parroquia **nun lugar céntrico** e ben comunicado.
- 1836-1852** Non se rexistran actas municipais
- 1836-?** **Antonio Fernández**, primeiro alcalde do Concello de Zas

- 1842** **O nonato concello de Roma:** na sesión do 5 de abril a Deputación da Coruña intentou facer unha redución de concellos da provincia da Coruña. Deste xeito, no partido de Corcubión só quedarían tres, un deles o de **Roma**, que comprendería todas as parroquias de Zas e boa parte do de Vimianzo. O proxecto non cristalizou e Zas seguía sendo a capital do concello.
- 1843-?** Alcalde: **Andrés Varela**
- 1850** O concello de Zas no *Diccionario* de Pascual Madoz (t. 16): indícase que distaba 10 leguas da Coruña, pero que o correo se recibía desde Santiago, sinal de que a comunicación era mellor con esta cidade. «Pasa por el centro y por los puertos (sic) de Villar y Zas el camino que, desde los puertos de Lage y Camariñas, se dirige a Pontevedra, el cual así como los locales está mal cuidado».
Enuméranse 17 parroquias (as actuais e mais a de Follente, que daquela aínda non se incorporara a Mira) que xuntaban 640 casas distribuídas polos lugares e aldeas “que se encuentran diseminadas por el distrito”. Había varias escolas indotadas e temporais.

Precísase que o municipio estaba situado na marxe esquerda do “río del Puerto” [non se cita o río Xallas], que o terreo era de mediana calidade, “lo bañan diversos riachuelos que corren al norte y se incorporan al r. del Puerto”. As producións máis comúns eran os cereais, patacas, liño, legumes e froitas; criaba gando vacún, cabalar, mular, lanar e cabrío; había caza e pouca pesca; no tocante á industria: a agrícola e muíños fariñeiros, teares e oficios de primeira necesidade.

A poboación total era de **606 veciños e 2.888 habitantes** (o que daba uns 4,77 persoas por casa). O presuposto municipal era de **9.950 reais** “y se cubre por reparto entre los vecinos”. Tendo en conta que o valor dunha vaca por este tempo era de 200 reais, digamos que tal orzamento era equivalente a 50 vacas.
- ?-1852 Alcalde: **Juan Mato**
- 1852-1855 Alcalde: **Francisco Espasandín**
- 1852** **Primeiras actas municipais de Zas**

-Acórdase facer un padrón de habitantes.
-D. Juan Marco, apoderado da Casa de Romelle, elixido perito repartidor da contribución.
-Obriga de ter **viveiros** en cada parroquia, baixo multa, para satisfacer as necesidades da Mariña de Guerra:

"Reconocimiento de viveros y renovar las semillas y cerrar los sobres o imponer una peseta de multa a cada vecino moroso. En Muíño no hay vivero y se obliga a cada

vecino a plantar 20 robles o castaños o pinos, baixo multa..."

Para isto os veciños desta parroquia puxéronse de acordo e compraron un terreo entre todos e alí fixeron a súa plantación de carballos. ¿Sería esta a carballeira da Santa ou unha boa e grande que existía no lugar do Couto e que desapareceu hai uns anos coa concentración parcelaria?

-Prohíbeselles ós maiores contribuíntes facer arrendamentos vexatorios.

-Balance económico anual do Concello: ingresos = 24.503 reais e 26 céntimos; gastos = 18.382 reais; saldo favorable = 6.141 reais.

1853-1854 Non hai actas municipais

1855 Alcalde: **Fernando Santos** (1855-?)

Con respecto ás **levas** para o servizo militar, acordouse que:

"Para el caso que no sea posible completar el contingente de soldados que le han correspondido entre los del reemplazo de 1855, 1854 y 1853 y se presenten en La Coruña el 18 de Mayo. Caso de no presentarse cuando le corresponda se les embargarán todos los bienes."

O servizo militar podía evitarse, por aquel tempo, pagando unha importante cantidade, feito que favorecía unicamente ás clases elevadas:

"Resolución de la Diputación contra este Ayuntamiento relativo a 2 mozos que deben presentar sustituto o la cantidad de 6.000 reales cada uno el día de la entrega de los quintos en la Caja de la provincia."

Designouse o escribán Antonio Montero, de Carreira, para que cobrase en efectivo ou nos bens. Este personase fora o que lle gañara no xogo un cabazo de pedra ó veciño de Fornelos (Baio) José Miguel López (→ Baio en 'Zas polo miúdo').

O 1 de maio deste ano promúlgase a **Ley Desamortizadora General** do progresista **Pascual Madoz**, pola que se pretendía vender unha serie de terras, a maioría da Igrexa, para recadar fondos para mellorar a Facenda española. Segundo os historiadores, esta desamortización limitouse a ser unha transferencia de bens da Igrexa ás clases economicamente máis fortes (os grandes propietarios e os burgueses), da que o Estado sacou pouco beneficio e os labregos moito dano. Relacionados con esta lei poderían estar as seguintes notas:

-Circular do Gobernador Civil sobre redención de foros e censos:

"A todos los pagadores que hay en ellas de las rentas mandadas enajenar concurran en la Casa Consistorial el domingo 15 del 7 a las 8.

Carta del Gobernador Civil pidiendo la relación de bienes nacionales, obligando a los señores curas a presentarla sin ninguna excusa. Detallando las fincas una por una, su cabida y la renta pagada por ella..."

-Orde de catastrar a riqueza imponible:

"Para que se ocupen sin levantar mano, en la distribución de la riqueza de cada contribuyente, tanto vecinos como hacendados, con la advertencia de que el ferrado de renta forastera se ha de apreciar a 13 reales..."

»Comunicación del Gobernador Civil rogando la suscripción según posibilidades del anticipo de 23 millones de reales con la ventaja que les reporta, abonándoseles el cuantioso interés del 15% además de ser admisibles los billetes y por todo su valor nominal en la compra de los bienes nacionales, como porque suscribiéndose hacen un inmenso beneficio al país... (...)

No se suscriben por las altas contribuciones que pesan sobre los labradores y las malas cosechas..."

-Solicitud de elaboración dun censo de existencia de cereais.

-Unifícanse os ferrados de trigo, millo e os pesos e as medidas cos do concello de Vimianzo.

-Recíbese unha circular sobre prohibición do contrabando.

-Circular da Comisión de **venta de bens nacionais** (terreos expropiados á Igrexa) que pasaron a mans do Estado, "sobre el terreno anejo o dependiente de las casas de párrocos".

-Propónse a creación de **novas cargas**, ó que contesta o Concello nos seguintes termos:

"...la Diputación habiendo impuesto arbitrios por mas del 4 ó 5% sobre ganado vacuno y caballar, que se venda en las ferias públicas y considerando la insignificante concurrencia de ganado que se presenta en la **única feria del Aytº** [refírese á **Feira Nova de Gontalde-Mira**] y siendo insignificante el producto de las ventas, la Comisión creada al caso propone se haga efectiva por repartimiento vecinal..."

1856

O 23 de xuño aparece a seguinte reseña nas actas:

"...se dio conocimiento de una circular sobre reuniones ilegales, personas sospechosas que intentan conspiraciones contra el estado y desacato contra las autoridades constituidas..."

Non é máis ca un reflexo da política inestable que naqueles momentos se estaba vivindo en España: neste momentos (reinado de Isabel II) estaban no goberno os liberais progresistas do xeneral Espartero (o chamado Bienio Progresista: 1854-56), pero estábanse producindo unha serie de motíns populares fomentados polos liberais moderados; de feito, ó mes seguinte (o 14-7-1856) o xeneral O'Donnell faise co poder e inicia un período de goberno conservador que vai durar ata 1868.

O 10 de maio hai unha referencia nas actas a unha reclamación da Deputación provincial contra dous mozos. Nelas aparece unha referencia ó escribán Antonio Montero (a segunda vez que aparece nos escritos un membro desta familia, que tanto vai figurar na historia posterior do Concello de Zas).

18.12.1856 Non se rexistran actas municipais

—
21.9.1877

A ALTERNANCIA DOS PARTIDOS DINÁSTICOS DURANTE A RESTAURACIÓN MONÁRQUICA (1875-1923)

Tras a caída da 1ª República (1873-1874) o xeneral Martínez Campos, nun pronunciamento militar, restaura a monarquía e proclama rei ó príncipe Alfonso, fillo de Isabel II, que tomará o nome de Alfonso XII. Apoiarano os dous máis importantes partidos dinásticos: o **Partido Conservador** de Cánovas del Castillo e o **Partido Liberal** de Sagasta. Era unha democracia só en aparencia. Entre eles vai haber un amaño para alternarse pacificamente no poder (o chamado “turnismo”) e así manter controlada a oposición republicana e dalgún novo partido de esquerdas (o PSOE de Pablo Iglesias) que sería fundado por estas datas. Este sistema electoral fraudulento presupuña a parcelación de Galicia en tantos **feudos** como homes clave tiña aquí cada partido. Cada un destes patrucios da política montaba no seu feudo o sistema organizativo que arrincaba dos concelleiros, secretario do Concello, alcalde, deputado provincial e que remataba no cumio onde estaba el, o grande ausente, o home gonzo, o **cacique**, que nunca participaba co seu nome en lista ningunha pero que dirixía dende a súa casa a tremoia electoral ó servizo do seu Grande Aliado, o vicerrei. O cacique pagaba puntualmente en favores, privilexios, exencións tributarias, empregos etc. (...). As vilas sabían que o único camiño eficaz para conseguir unha escola, unha estrada, unha fonte ou unha axuda para facer a espadana da igrexa parroquial era mover a vontade do afastado deputado ou senador mediante o previo "convencemento" da vontade do cacique. As canles normais dos concellos ou das deputacións non servían para nada.

Galicia someteuse disciplinadamente ó sistema das quendas de goberno, respondendo xenerosamente cos seus votos a esta grande farsa do sistema electoral restauracionista.

A quen votaban os galegos? Votaron sempre co Goberno que facía as eleccións. (Barreiro Fernández: *Historia de Galicia. IV. Edade Contemporánea*; Ed. Galaxia, Vigo, 1981; pp. 283-284).

1868-1874: Sexenio Democrático: reinado de Amadeo de Savoia (1869-1873), I República (1873-1874)

1875-1923.- Restauración monárquica e borbónica: reinado de Alfonso XII (1875-85), rexencia de María Cristina (1885-1902), Alfonso XIII (1902-1931)

1875-1885: reinado de Alfonso XII

1877 Dánselle 125 ptas. ó cura de Baio pola función cívico-relixiosa do 2 de maio.

1878 **Festas oficiais** con motivo do **casamento do rei Alfonso XII** con María de las Mercedes de Orleáns, no mes de xaneiro deste ano: obriga dos cregos a poñer "iluminacións" durante tres noites. Non fai falla advertir que, loxicamente, daquela

aínda non existía a luz eléctrica:

"Debiendo celebrarse el enlace regio el 23 [de enero], acordó el Aytº que se celebren fiestas el mismo día y los dos siguientes, obligando a los curas y sacerdotes del distrito que se verifiquen iluminaciones durante las tres noches y que la que ha de costear el Aytº se verifique en Bayo. Que se encarguen cohetes y bombas reales".

Os gastos foron de 296 ptas. A corporación municipal debía vivir nun mundo de rosas, pois precisamente nun dos anos nos que a fame se deixaba notar máis e mesmo aumenta a mortalidade por iso (case o dobre do ano anterior), non tivo reparo en reseñar no libro de actas que "el conflicto contributivo es casi el único en este término municipal".

As **rivalidades políticas** -entre os únicos partidos permitidos: o Conservador e o Liberal- deben estar nesta curiosa contestación que a Corporación municipal deste ano lle dá a un rico veciño de San Martiño de Meanos, José Espasandín Varela, que solicitaba que lle rebaixasen a contribución:

"D. José Espasandín Varela, uno de los propietarios mas acaudalados de los del distrito, que sostiene con lujo su numerosa familia, consume por seis familias regulares, no escaseando en su casa el buen vino, caña y otras bebidas fuertes para ayudarle a la digestión que debe ser dificultosa por la calidad y cantidad de los alimentos, acostumbrado a inmiscuirse sin responsabilidad en todos los asuntos del Ayuntamiento, se las venía arreglando para pagar poco más que un jornalero; pero hoy, afortunadamente, cesó el favor en materia de impuestos..."

Ben por medo á fame ou por tentar esquivarse de pagar as rendas o certo é que parece que os labregos recollían as colleitas antes de tempo:

"Se acordó excitar el celo de los alcaldes de barrio del distrito a fin de que coadyuvando por su parte todo lo posible impidan que se malversen las mieses de este término, impidiendo se recojan mal sazonadas".

As colleitas debían ir un pouco atrasadas -polo que respecta á actualidade-, xa que o 11 de outubro de 1878 non houbo sesión municipal "*por hallarse los concejales levantando el maíz abatido por el temporal*". É de supoñer que non estaría chegado, dado que senón o que se faría sería esfollalo (na actualidade, por estas datas practicamente xa está esfollado).

No mes de febreiro, a maioría dos concelleiros da Corporación municipal presenta a súa **renuncia** (nove en total). O alcalde convenceu a catro deles da inconveniencia de tal decisión, pero os outros catro mantéñena por "ser de **distinta concepción política** y no hallarse identificados con la situación", e o 22 de marzo do mesmo ano, cinco concelleiros solicitan a renuncia como tales baseándose "en la necesidad de restablecer su salud". Resultan pouco convincentes as razóns dadas; algo raro estaba pasando. De que "distinta concepción política" serían os concelleiros que dimiten tendo en conta que só se admitían dous partidos, o liberal ou o conservador?

1879-1880 Alcalde: **Juan Doval**

1879 En xaneiro hai xa claros enfrontamentos políticos entre os partidos [conservador e liberal]. Despois de seren destituídos das súas funcións, dísenos que:

"los Srs Espasandín Varela y Manuel Montero no habiendo ingresado aún se actúa contra ellos. (...) El ex-alcalde D. Juan Dobal y teniente Manuel Romero al cerrar en 1875 entregaron al primer teniente D. Francisco Romero que ejercía la presidencia en funciones 1.229,92 pesetas y no las ingresó en las arcas municipales, se procede a convocarle para la liquidación (...)".

Era alcalde en funcións **Francisco Romero**; despois foino, no mes de xullo, **Juan Doval**. O sistema de elección de concelleiros era por sorteo entre os maiores contribuíntes; é dicir, os máis ricos (o chamado sufraxio censatario: os que pagaban o censo), tal como se aprecia na acta do **16-2-1879**, que inicia o proceso electoral que culmina o 4 de xullo:

"Circular del Gobierno Civil para el sorteo de los concejales que deben renovarse bianualmente y se acordó meter los nombres de los señores concejales en un bombo y sería su puesto a elegir aquellos que primero salieran. (...) Se da posesión a los concejales electos y se fija el lugar que corresponde ocupar a cada uno".

O 20 de xuño aparece nas actas Manuel Montero como depositario.

Entre as novas curiosas, facemos mención dun donativo de 200 ptas. que o Concello envía como axuda ós damnificados polas inundacións de Valencia.

Máis notas curiosas: o 25 de xuño un veciño de Muíño deixa as terras que traballaba ó marqués de Rubianes, residente en Santander.

1880-1882 Alcalde: **Caetano Bouzas**

A PODEROSA TRINDADE DOS CONCELLOS DA RESTAURACIÓN

Así explica o historiador Barreiro Fernández como funcionaban os Concellos nesta época, cunha democracia só en aparencia, dominada polo caciquismo:

«O principal instrumento de acción caciquil é o Concello, formado pola **trindade poderosa: alcalde, secretario e recadador**, todos eles **feitura do cacique** no poder.

As **amplísimas facultades** que as leis municipais lle recoñecen ó alcalde, permítenlle exercer unha serie de medios en prol dos amigos e contra os inimigos. Como xefe da administración pública pode impoñer multas, decretar arrestos e detencións, conceder licencias de obras, decretar o expediente de expropiación etc. En materia tributaria gozaba de poderes aínda máis amplos: impoñer multas por defraudación de pesos e medidas, por vendas en comercios, contrala-la comisión encargada de fixa-los impostos etc. Xa se comprende que con todas estas posibilidades podía presionar electoralmente. A serie de Causas -da Real Audiencia, do Arquivo do Reino de Galicia- recolle un amplísimo mostrario de denuncias e procesos contra alcaldes e secretarios por abuso de poder, e case sempre ten algo que ver a denuncia con motivos electorais.

A operación máis rendible, electoralmente falando, era o control da comisión que confeccionaba as listas electorais, da que o alcalde era o presidente e o secretario o brazo executor. Así mesmo, correspondíalle a designación do lugar das mesas e lectorais e mesmo os horarios (...).

Co alcalde, era o secretario o ser máis todopoderoso no Concello. Tódalas facultades que lle competen ó alcalde teñen que ser aconselladas, urxidas e indicadas polo secretario, que é o seu asesor persoal. O secretario era feitaura do alcalde porque entraba e saía con el do cargo» (Barreiro Fernández; 1981: 319, 320).

1880

De xullo de 1880 a xuño de 1882 foi alcalde **Caetano Bouzas Reyes**, quen parece que era un labrego de Vilachán (aínda hoxe existe neste lugar a casa do *Quietán*). Perdería a alcaldía despois durante tres meses, en favor de **Benito Trillo**, pero vaina recuperar de novo ese mesmo ano.

Para solemnizar que a raíña de España dera a luz felizmente, acórdase nomear unha comisión que propoña a celebración máis conveniente (ignoramos que se chegou a facer). A raíña era por aquela época D^a María Cristina de Habsburgo, segunda muller de Alfonso XII: a alegría non sería completa, pois naceu unha nena e non un neno, como tanto se agardaba para asegurar a sucesión monárquica -dada a tradicional relegación das mulleres na monarquía española-: habería que esperar aínda deica 1886 para que nacesse o futuro Alfonso XIII, a quen seu pai non chegaría a ver en vida.

Hai certo interese para que na comarca se introduzan os novos inventos: "Se acordó enviar notificación al alcalde de Corcubión de que el Ayt^o accedería de buen grado a sufragar los gastos de **instalación del telégrafo** allí".

Tamén consta un donativo de 149 ptas. ós cregos de Baio, Brandañas e Brandomil para que as repartan entre as familias pobres, por seren as máis afectadas polas malas colleitas.

1881

As menciñas para os pobres

Para algúns **os pobres debían ser un bo negocio**, por esta época e durante case cincuenta anos, polo menos, vai haber interminables disputas e preitos entre algúns boticarios e o Concello por ver a quen lle correspondía a distribución de menciñas para os enfermos indixentes. Neste ano a Corporación municipal considera excesivos os prezos das menciñas para pobres, presentados por un farmacéutico. Sen dúbida, gran parte da encarnizada rivalidade política que por esta época xa se advirte entre os Montero de Zas e os Astray de Baio, teña moito que ver coas menciñas e cos mendigos, que por aqueles tempos eran ben abundantes. O "affaire" debía ser serio, e ter moita importancia económica, pois anos despois, en 1927, o boticario de Baio, José Verdes, chegaría a levar a súa denuncia contra o Concello ó mesmísimo Tribunal Supremo, que lle deu a razón.

1881: Non está claro o número de concelleiros a elixir, se doce ou trece. O número total de electores do concello era de 914:

"...y se acordó consultar al Gobernador si el numero de concejales es de 12 (como hasta ahora era de 13 segun el ultimo censo de poblacion (...). Hay un total de 542 electores en el colegio de Zas y 372 en el de Carreira..."

A principios de abril iniciase un período de moita axitación política, tal como se pode apreciar nas actas dos días 7, 9 e 16. O Gobernador Civil envía unha comunicación "suspendiendo el ayuntamiento y nombrando otro con carácter provisional"; días máis tarde ordénalle ó novo alcalde que

"actúe según corresponda contra el Secretario por los cargos que contra el pudiera haber y que levante acta de los descubiertos en que se halle el municipio tanto respecto al tesoro como a instancias superiores..."

Substitúese o secretario (Cesáreo Astray) e noméase outro novo (Manuel Montero Torreiro, de Carreira). Tanto un coma o outro chegarían á alcaldía nesta mesma década, o que indica a importancia que tiña o cargo de secretario de Concello por esta época, tal como nolo revelan os cronistas da época e os historiadores actuais.

A seguinte sesión non se puido celebrar na Casa do Concello "por estar cerrado y no disponer de llave", e acórdase entre, outras cousas: obrigar ó secretario [M. Montero] a facer acto de presenza antes das 24 horas con toda a documentación; enviar ó Gobernador Civil e a Administración económica unha carta dando conta da situación; cesar ó escribente auxiliar; désígnase unha casa en Carreira para utilizar como local electoral.

A mediados do mes de maio tómanse os seguintes acordos (era alcalde **Caetano Bouzas**):

"Incapacitar para cargos concejiles a los miembros de la Corporación precedente por: Rebajarse sin causa justificada su riqueza imponible aumentando una cuota muy alta para Follente.

Porque se encuentran apremiados como deudores de fondos públicos en concepto de segundos contribuyentes.

Porque se dio por premios de repartimiento y partidas fallidas el 8% cuando lo legal es el 6% y se harán efectivos los desfalcos y demás cantidades que son 3.776 por gastos carcelarios y 4.983 a la Comisión Provincial de Hacienda".

Esa cantidade, en principio, non parece excesiva, pero hai que ter en conta que o presuposto de gastos e ingresos para ese ano era de 31.535 pesetas, o que supón case un 30% do total de presuposto municipal.

1882 Alcaldes: **Benito Trillo** (ata decembro) e **Caetano Bouzas** (dec. 1882-?)

1882 A situación cambia radicalmente non moito despois posto que a finais de xuño de 1882 pode lerse o seguinte:

"En este acto y estando firmando la antecedente acta los concejales, (...) se han resistido no obstante las repetidas amonestaciones del Sr. Delegado á autorizar el Acta con su firma, y como la sesion inaugural debe ser certificada tambien por el Secretario

del municipio sin que le exima de esta obligación la circunstancia de estar presidida por el Delegado del Sr. Gobernador, y habiéndose resistido también el actual Secretario de este municipio a certificar dicha acta no obstante las prevenciones del Sr. Delegado y a pesar de haber presenciado y asistido a todos los actos constitutivos de la sesión inaugural el que prove nombra para certificar estos hechos, como también de la sesión inaugural por secretario para este solo objeto á Ramon Astray Lopez y considerando que la aptitud en que se han colocado dichos concejales y Secretario D. Manuel Montero, sobre significar una falta en el cumplimiento de sus deberes, es también acto de resistencia, de desacato y desobediencia, para cuyo correctivo el que prove acordó ponerlos a disposición del Sr. Jefe de la Guardia Civil para su conducción y entrega al Sr. Juez de primera instancia de Corcubion. Oficiase al Sr. Comandante de la Guardia Civil Gefe del puesto de Vimianzo para la debida conduccion de los sugetos mencionados al Juzgado de Corcubion (...)"

Era daquela o alcalde **Benito Trillo**. O secretario do Concello, Manuel Montero Torreiro, foi detido por orde do delegado do Gobernador. A causa foi a súa negativa a facer entrega da documentación, acusado como estaba de apropiación indebida dunhas 7.000 ptas. do presuposto municipal (que este ano andaba por unhas 21.000 ptas.). Manuel Montero apenas botou un mes na cadea.

"Alcalde D. Benito Trillo. Zas 22 de Junio de mil ochocientos ochenta y dos. Resultando: que el Secretario de Ayuntamiento D. Manuel Montero, ha sido detenido de orden del Sr Delegado del Excmo Señor Gobernador y remitido a disposicion del Sr. Juez de Partido.

En atención a que la Alcaldía precisa un Secretario que legalice sus actos y carece de él por la detencion referida vengo en nombrar Secretario accidental a Cesáreo Astray Lopez (...)" (Actas Concello de Zas, 22-6-1882).

Nas reunións celebradas durante o mes de xuño e xullo de 1882 non se puideron tomar acordos. Na primeira sesión das que si se puideron celebrar, aclárase que non apareceron os concelleiros detidos a pesar de que os liberaran, e que non había secretario, xa que o anterior tiña todo abandonado. Na seguinte reunión seguen sen se presentar os ex-detidos e non se poden tomar acordos por falta de quorum. A mediados de xullo o ex-secretario (Montero) aínda non entregara a documentación "y ademas se jacta de ello a pesar de notificaciones e intimidaciones".

Pouco lle durou a alcaldía ó señor Trillo (que tiña o apoio de Astray como secretario), porque xa a finais de agosto de 1882 dise nunha nota posta polo secretario que "no pudieron celebrar sesión por estar el Ayuntamiento cerrado, pese a contar con el Delegado del Gobernador".

O 4.9.1882 preséntase como delegado do Gobernador o alcalde de Vimianzo, e procédese á elección de alcalde na persoa de Caetano Bouzas. Nunha sesión paralela e extraordinaria: "Aprueban el acta de Cesáreo Astray a pesar de no reconocerlo en el cargo y se hace entrega a D. Manuel Montero que la autoriza bajo un inventario minucioso y detallado bajo la atenta mirada del notario (...)"

Pero esta acta néganse a firmala Benito Trillo e outros seis concelleiros do seu grupo.

As dúas seguintes sesións non puideron celebrarse, nin se chegaron a tratar algúns

puntos da orde do día porque Benito Trillo non entregara a documentación necesaria. A Facenda reclama 10.440 pesetas (o que supoñía case a metade do presuposto municipal) e acórdase facer responsable do seu ingreso ó señor Trillo. Despois dun ano tan "movido", Ramón Fondo, veciño de Carreira, reclama a cantidade de 500 ptas. polos danos causados nas eleccións municipais. Seguramente na súa casa estaba situado o colexio electoral de Carreira. Páganse 200 ptas. Entre o anecdotario deste ano constan as queixas dalgúns veciños e da propia corporación municipal contra o carteiro de Baio, debido a que as cartas de Laxe a Camariñas que pasan por Baio chegan sen franqueo; propónse ó Gobernador civil o nomeamento dun novo para o cargo.

30.12.1882 Non hai actas municipais

-

1.7.1885

SUFRAXIO CENSATARIO: OS MAIORES CONTRIBUÍNTES (1889)

No século XIX as eleccións eran censatarias; é dicir, que só podían participar como electores os maiores contribuíntes, os homes máis ricos de cada parroquia (os que pagaban o censo). Haberá que esperar ata a proclamación da 2^a República (1931) para a instauración do sufraxio universal en España, que supón o dereito a voto para todos (en 1933 tamén se ampliou este dereito ás mulleres)

Pode resultar de interese coñecer o número de electores de cada parroquia para darnos unha idea do grao de riqueza de cada unha delas, aínda que estes datos poden ser un tanto equívocos, pois depende do que se entendía daquela por riqueza). Este era o número de electores por parroquias o 22.2.1889: O Allo (29), Baio (75), Brandomil (69), Brandoñas (24), Castro (26), Carreira (36), Follente (19), Gándara (63), Lamas (39), Loroño (29), San Martiño de Meanos (64), Mira (26), Muíño (35), San Cremenzo (43), Santa Sía de Roma (18), Vilar (42), Zas (43).

A poboación total do concello era de 5.533 habitantes, sendo electores 680 homes -as mulleres estaban excluídas do voto-, o que supoñía pouco máis dun 12 por cento do total dos habitantes. Os tres colexios electorais deste ano eran os de Zas, O Couto (Muíño) e Carreira (xa vimos como este último pasaba temporalmente a Baio se había alcalde ou secretario desta parroquia). As eleccións prolongábanse durante catro días.

1885-1887 Alcalde: **Cesáreo Astray**

1885 Non sabemos cales foron as razóns -nada boas por certo, posiblemente por culpa de tanta mudanza de Casa do Concello, de xeito que cadaquén levaría os libros para a súa propia casa- pero durante dous anos faltan as actas (do 30.12.1882 ó 1.7.1885), pero este "serial" decimonónico continúa, porque volverán as disputas cando se elixe alcalde a Cesáreo Astray López (1.7.1885).

Aquí é onde se pode ver a zona de influencia de cada cacique local, pois en tanto é secretario -e despois alcalde- Montero ou membros do seu partido, hai un colexio electoral en Carreira, pero cando o secretario ou alcalde o é Astray, dito colexio electoral múdase para Baio, polo menos ese é un dos primeiros acordos do alcalde entrante, que

traslada non só o colexio electoral, senón tamén a secretaría para a súa casa en Baio Grande, nº 21. Vemos claramente como se vai agudizando a rivalidade política entre os Montero (bando de Zas) e os Astray (bando de Baio), patente durante toda esta década dos oitenta e os primeiros anos dos noventa. Despois parece que a balanza do poder se vai inclinar definitivamente cara ós Montero, que van quedar donos e señores do Concello durante tres cuartos de século.

Cesáreo Astray López foi pai de Manuel Astray Carballo, que primeiro tivo botica en Baio, pero despois da Guerra civil pasou para A Piroga, para a mesma casa-farmacia -xa coñecida daquela como "a botica de Baio" (a pesar de estar na outra banda do río)- de José Verdes, o farmacéutico que en 1927 lle habería de gañar un preito no Tribunal Supremo ó Concello de Zas. Despois, a farmacia Astray, da Piroga, rexentaría a súa filla Asunción Astray Túñez. Irmáns de Cesáreo foron Eulogio Marcelino -boticario de Carballo, a quen se cita unhas liñas máis abaixo- e Juan Astray López (que tiña casa na Piroga-Bamiro), pai este de Braulio e Juan Astray Vidal, dous personaxes que, aínda que nados na Piroga, van ter moito protagonismo na vida de Baio durante moito tempo, polo menos desde os anos vinte ós sesenta (o primeiro foi médico e o segundo párroco).

A intervención do delegado do Gobernador é outro capítulo máis deste interminable serial:

"Bajo la presidencia del Delegado del Gobernador, se leyó el Acta electoral de 1881 en la que aparecen electos Cayetano Bouzas [e outros 6 máis] y este declara nulos de todo valor los actos realizados por el Aytº provisionalmente constituido (...) cesando como concejales y demas cargos cargos, Cayetano Bouzas [e outros seis máis] quien deberá pagar 600 pesetas al Sr. Delegado del Gobernador por las gestiones realizadas..."

Os andazos de cólera e doutras enfermidades letais da época eran preocupacións constantes para todos, loxicamente tamén para as autoridades municipais:

"...Se acuerda comprar en la farmacia de D. Eulogio Astray de Carballo las medicinas necesarias para la prevención del cólera reinante en varias provincias del reino, y se procederá a desinfectar los barrios al despuntar el alba..." (Actas Concello de Zas 5.9.1885).

Repárese en que neste ano era alcalde Cesáreo Astray, irmán do boticario beneficiado. Pero resulta que tales menciñas por unhas cousas ou por outras non se utilizaron: pasan tres meses e están en putrefacción. O 19 de decembro procédese a enterralos nunha gabiá moi profunda.

Noutra orde de cousas, a finais de ano, o mércores 23 de decembro, celébranse oficialmente no Concello honras fúnebres polo pasamento de Alfonso XII. Os gastos ascenderán a 129 ptas. O óbito real acontecera había un mes (o 25 de novembro). O seu fillo póstumo, o futuro Alfonso XIII, nacería o 17 de maio de 1886.

1886

Continúa de alcalde Cesáreo Astray.

Páganselle 50 pesetas de soldo ó alcaide carcereiro. Non sabemos onde estaba o cárcere municipal.

Moitas das disposicións municipais tentaron cambiar os costumes tradicionais. A isto

obedece esta orde: "Se obliga a hacer entrar los difuntos antes de enterrarlos en las iglesias y no dejarlos fuera..."

A vulgar por algunhas referencias económicas, poderíamos tirar a conclusión de que as contas municipais se administraban con moita rigorosidade, tal como se pode desprender da seguinte referencia:

"Los concejales de 1880/81 deben 8.655, 86 ptas. (...) Los concejales de 1881/82 deben 6.884 ptas. (...) Los concejales de 1882/83 deben 9.070 ptas. (...) D. Manuel Montero y D. Domingo Lema cobraron indebidamente 3.911 ptas."

O presuposto municipal para este ano fora de 50.331 ptas. Habería que ver se tal rigorosidade era para todos ou soamente para os inimigos políticos.

Desde a Casa do Concello facíase moito control económico de certas persoas. Unha muller de Carreira -popularmente coñecida como "a Señorita"- ve desestimada a súa reclamación contra o reparto de contribucións, porque:

"Tiene una renta de 30.000 reales y consume al año 48 ollas de vino, 1460 libras de pan, 500 ferrados de maiz en alimentacion de jornaleros y ganados, 50 quintales de patatas, una carga de habichuelas y garbanzos, con las carnes frescas y saladas para la manutencion..." (Lembrar que unha carga eran 12 ferrados)

1887-1888 Alcalde: **Francisco Espasandín Varela**

1887 O presuposto da Deputación Provincial presenta un déficit de 1.232.029 ptas. (daqueles tempos!), e acórdase desde A Coruña repartilo en recargos entre todos os Concellos; Zas está disconforme e responde indicando que se moderen os gastos.

Este ano a Casa do Concello estaba na parroquia de Zas, xa que se designan locais electorais este edificio e a casa do propio alcalde, Cesáreo Astray, en Baio:

"Se designan locales y presidencias para la elección parcial de un Diputado a cortes el domingo 23 y se señalan como locales la casa consistorial y la de Cesareo Astray, N^o 21 en Bayo Grande" (Actas Concello de Zas, 12.1.1887).

O 26 de marzo o delegado do Gobernador fai cesar os doce concelleiros e noméanse ós interinos. É designado alcalde Francisco Espasandín Varela. Entra como secretario Manuel Montero, quen destina a súa propia casa de Zas para salón de sesións; toman posesión como concelleiros Caetano Bouzas e os outros que estaban con el cando foron depostos. Outro dos acordos inmediatos que toma o novo alcalde é o traslado do local electoral de Baio a Carreira. Vai tornando ó seu remate o goberno do grupo de presión baiés no Concello. A vitoria dos "monteristas" de Zas-Carreira axiña vai ser definitiva.

1888-1890 Alcalde: **Manuel Montero Torreiro**

1888 O ata agora controvertido secretario (por aquelas non aclaradas contas), Manuel Montero

Torreiro, pasa a ocupar por vez primeira o posto de alcalde. Pouco se imaxinaba este home que con el ía iniciarse unha verdadeira dinastía de alcaldes para Zas, concello que vai estar nas mans desta familia arredor de 73 anos (de 1888 a 1971, coas únicas parénteses dos anos da ditadura de Primo de Rivera e duns meses en 1936).

A Corporación municipal acorda enviarlle unha felicitación a D. Eugenio Montero Ríos, porque fora nomeado Presidente do Tribunal Supremo. Convén lembrar que estoutro Montero -que non tiña relación familiar co de Zas, que se saiba- foi un dos políticos máis influentes das últimas décadas do séc. XIX en España; nestas datas estaba integrado no Partido Liberal de Sagasta, e uns anos despois sería nomeado ministro de Fomento e de Gracia e Xustiza (1892). Montero Ríos, natural de Santiago, tiña en Galicia unha rede caciquil que competía coa dos conservadores en igualdade de condicións. Ante esta felicitación preguntámonos que grupo dos ata agora contendentes -o dos Montero de Zas, e o dos Astray de Baio- representaba ós liberais e cal ós conservadores; o certo é que pouca importancia tiña isto, pois apenas había diferencias ideolóxicas substanciais entre os dun partido e doutro, pois ambos os dous defendían os intereses dos máis ricos.

Un feito curioso: en dúas actas de outubro deste ano faise referencia a que un mozo presentara unha instancia dicindo que non tiña cartos para trasladarse á Coruña para incorporarse ó servizo militar; no Concello tallárono, pero acordouse declaralo excluído definitivamente do servizo. O **traslado dos quintos á Coruña** debía ser un bo negocio para certos funcionarios do Concello -o secretario e o alcalde, sobre todo-, porque neste caso parece que xa non interesaba a incorporación deste mozo, unha vez que non lle ían poder cobrar nada polo traslado.

1889 Notifícase o **roubo** de 3.067 ptas. do despacho do alcalde (que segue sendo Manuel Montero); os ladróns entraran rompendo as contras valéndose de barrenas e ciceis. Como o selo do Concello fora utilizado polos ladróns, declarouse inutilizado e mercouse outro. Acordouse nomear unha comisión de peritos coñecedores dos **lindes do concello** para poñer marcos delimitadores, cousa que se fai de común acordo cos Concellos de Laxe e Vimianzo.

Entre os casos curiosos, destaca a autorización á alcaldía para que esta

"obligue a los vecinos de Bayo para que procedan a la limpieza del río que desde el citado punto sigue a Musquitín [sic], previa multa que considere oportuna en caso necesario".

1890-1891 Alcaldes: **Juan Souto, Benito Trillo e Juan Doval**

1890 O seguinte capítulo de nomeamentos e cesamentos dase o 14.11.1890, data en que toda a corporación presenta a súa renuncia, e, entre outros, os motivos alegados foron os seguintes: o alcalde (M. Montero) por imposibilidade física; dous concelleiros por seren maiores de sesenta anos; outros dous por enfermidade; un por marchar emigrado para a América. Pero as verdadeiras razóns eran outras. Durante un mes actúa de alcalde provisional Juan Souto Fernández, que lle vai deixar o asento presidencial a Benito Trillo, que ocupará o cargo durante tres meses (ata abril de 1890), tempo que será o dure o seu sucesor, Juan Doval Pose (ata xullo de 1891).

"Se declaran nulas las elecciones a cargos municipales celebradas aquí en Mayo de 1887 y Diciembre de 1889 por los vicios cometidos y se acuerda nombrar un Ayuntamiento interino para proceder a nuevas elecciones..."

1891-1893 Alcalde: **Juan Vecino Lema**

Nas novas eleccións sae elixido alcalde, Juan Vecino Lema. O concelleiro Manuel Varela Sixto fai constar en acta que se abstiña de votar.

No novo goberno municipal chégase á conclusión de que:

"Es difícil levantar los apremios por los créditos concedidos al Ayt^o. sin imponer nuevos arbitrios, pero en los dos últimos años han pasado por una crisis violenta, ocasionada por la pérdida de cosechas y la falta de exportación del ganado vacuno".

Entre as anécdotas, destaca a función do Concello para **buscar persoas fuxidas** da casa familiar:

"Diose asimismo cuenta de tres instancias presentadas por tres labradores de Lamas instando a la Alcaldía para que proceda a la captura de sus respectivos hijos fugados de las casas paternas".

Non son estrañas estas fugas de adolescentes -moitos deles embarcados clandestinamente á América-, tendo en conta as fames case endémicas destes anos, agravadas co alto índice de familias numerosas que facía que os fillos non mellorados non puidesen esperar moito do traballo na casa paterna (onde estaban sometidos a unha verdadeira escravitude).

Comeza un preito por un pilón de Vilaestévez, que durará moitos anos.

O 16 de xullo de 1891 acórdase trasladar o arquivo municipal para a casa de Manuel Romero, de Baio, pero a finais de decembro de 1892 proponse a volta da secretaría e o arquivo para unha dependencia da casa consistorial de Zas.

O Concello de Zas adiántase en case cen anos á iniciativa da Xunta de Galicia de crear unha oficina en Madrid para a xestión dos seus "importantísimos" asuntos (permítese este luxo a pesar de ser este concello "uno de los más pobres de la provincia", como reconece a propia corporación dous anos despois):

"Elige y nombra en Madrid a Dámaso Reigada y Vaamonde con objeto de que represente los intereses del municipio y a nombre de esta Corporación reclame y gestione de todos los centros directivos los créditos que por cualquier concepto le correspondan".

1893-1894 Alcalde: **José Gómez Tomé**

O 3 de xaneiro de 1893, o delegado do Gobernador anula as eleccións de 1891; noméase novo alcalde (José Gómez Tomé) e, como o secretario se negase a trasladar a secretaría e

arquivo á casa consistorial, é destituído, sendo substituído por **Manuel Montero Torreiro**, quen pasará a ocupar a alcaldía a partir de xaneiro de **1894**; será destituído en outubro do mesmo ano en favor de Gómez Tomé, pero ha de recuperar o cargo dous meses despois (decembro do 94), para ocupalo de continuo ata a súa morte, acontecida o 18.12.1914.

En **1893** contribúese con 50 ptas. a sufragar os danos causados polas inundacións de Toledo. Neste mesmo ano págaselle ó secretario polo material de oficina adquirido, e mais por ir á Coruña buscar datos sobre distancias quilométricas

1894 Solicítase unha **rebaixa no imposto dos consumos** (que gravaba os produtos de primeira necesidade) pola mala colleita do millo:

"...Y si hasta la fecha ha podido ir satisfaciendo debido a agotar las escasas fuerzas con que contaba no podrá en lo sucesivo efectuarlos, máxime en años que como el presente la cosecha del maiz, unica esperanza del labrador en esta tierra, puede conceptuarse casi nula pues no alcanza a la tercera parte del año anterior; que esta pretension es justisima y no hay razon alguna para que siendo el Ayuntamiento de Zas uno de los más pobres de la provincia puesto que su única fuente de riqueza es la labranza y esta no en propiedad sino en arriendo y en pequeñas proporciones, tributa por el máximo ó sea á dos pesetas por habitante".

O arcebispo de Compostela manda unha carta ó Concello solicitando que **non se celebren feiras os domingos**. Non se lle fixo caso ningún, pois en 1898 o párroco de Bamiro, Nicolás Parada, estaba empeñado en prohibir a celebración dominical da feira de Baio - pois tiña lugar na Piroga, en territorio bamirés-, e mesmo lle enviou cartas ó arcebispo compostelán para iso. Nada logrou, pois a feira de Baio seguía celebrándose o terceiro domingo de cada mes ata os nosos días.

1894-1897 Alcalde: **Manuel Montero Torreiro**

A partir da súa elección a finais de 1894, Manuel Montero Torreiro vai amarrar con forza o bastón de mando municipal, pois el e mailo seu "equipo" vano conseguir renovar en todas as eleccións ata 1914. Deixou todo "atado e ben atado" por varias xeracións, pois o cargo vaino "herdar" seu fillo Maximino Montero Barreiro en 1915; perderao en 1923 - con ocasión da Ditadura de Primo de Rivera-, pero volverao recuperar na República (de 1931 a 1936); queda momentaneamente sen mando co goberno da Frente Popular, no 36, pero axiña volverá telo desde os primeiros momentos do golpe de estado militar do 18 de xullo ata case os últimos anos do franquismo, cando vai compartindo o poder co seu fillo Maximino Manuel Montero Romero.

1895 Locais electorais en Zas, Romelle, Artón e Carreira (segue M. Montero como alcalde). O novo recadador entrega como fianza polo seu cargo un título de débeda perpetua exterior ó 4 % (cun valor nominal de catro mil ptas.) Por vez primeira consta unha subvención de cen pesetas para a festa do Carme de Zas.

1896 Non hai actas municipais

- 1897** Continúa de alcalde M. Montero. Os mesmos locais electorais anteriores.
Convócanse 87 mozos para alistarse a filas (estamos nos anos da guerra da independencia de Cuba: no ano seguinte España sairía derrotada e perdería o pouco Imperio que lle quedaba). Compróbase que destes 87 mozos, doce deles estaban mortos antes de cumpriren os 19 anos, o que nos dá unha idea da alta mortalidade infantil e xuvenil da época.
- 1898** Declárase pobre a todo aquel que gañe menos de 274 ptas. por ano e familia.
Hai unha pregunta á Corporación municipal referente a saber se seguía en pé o ofrecemento do Concello de Zas para a instalación dunha casa-cuartel da Garda Civil. O Concello ofrece local, asistencia médica e farmacéutica. Pouco despois recíbese a comunicación de que non se pode crear este posto, sen que saibamos as causas.
Neste ano estase traballando na construción da **nova estrada** de Santa Comba á Cacharosa (Baio). O alcalde M. Montero notifica que grazas ás xestións do marqués de Figueroa se ían empezar a pagar as expropiacións efectuadas para a apertura desta vía de comunicación (o eterno clientelismo político!). O tramo Santa Comba-Baio formaba parte da estrada Santiago-Camariñas, licitada, aínda que non iniciada, en 1894.
A construción da nova ponte Lodoso desta nova vía de comunicación, na Cacharosa (Baio) rematouse en 1898; nela traballaron canteiros pontevedreses, e o seu capataz era un andaluz de Motril (Granada) chamado Salvador de la Torre, aveciñado en Baio: o demo en persoa para o crego de Bamiro e Tines, o citado Nicolás Parada, pois seica era un “librepensador” que obrigaba ós obreiros a traballar en domingos e festivos. (véxase ‘Zas polo miúdo’ → Baio).
- 27.12.1896 Non hai actas municipais
—
30.7.1901